



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE SETEMBRO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e dous de setembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Non asiste e presenta escusa don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria xeral, dona María Luísa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 15 de setembro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxo prazo de presentación de solicitudes iníciase o 1 de outubro de 2014 e rematará ás 14:00 horas do 1 de decembro de 2014. (Boletín Oficial da Provincia nº 177, do día 17 de setembro de 2014)

- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014, segunda fase, no que se integra a obra codificada 14.1100.0036.0 e denominada "Mellora seguridade vial DP1701 Rocha a Anceis, PK 0+000 a PK 0+780 (Cambre)", cun orzamento de 97.305,65 euros. (Boletín Oficial da Provincia nº 177, do día 17 de setembro de 2014)

- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica, entre outras, a Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, Lei de subvencións, Estatuto básico do empregado público...etc. (Boletín Oficial do Estado nº 226, do día 17 de setembro de 2014)

- Escrito da Dirección General de Modernización Administrativa, Procedimientos e Impulso de la Administración Electrónica-MINHAP, de data 17 de setembro de 2014, recibido neste concello por correo electrónico.

No dito escrito faise referencia á lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público que modifica a regulación da facturación das Administracións Públicas en España, proporcionando o marco necesario para o uso da factura electrónica.

Refire tamén que é un cambio necesario na xestión da facturación polo cal indudablemente todas as Administracións Públicas debemos transitar. A dita Lei establece un período de migración dos modelos actuais de facturación en papel que abarca todo o ano 2014. Establecendo a obriga de facturar electrónicamente a partir do 15 de xaneiro de 2015, coas condicións e excepcións recollidas na dita normativa.

Para facilitar este cambio de modelo e permitir que, antes do 15 de xaneiro de 2015, todas as Administracións Públicas poidan afrontar o compromiso de recibir facturas electrónicas baixo os requisitos normativos establecidos, a Dirección General de Modernización Administrativa, Procedimientos e Impulso de la Administración Electrónica (DGMAPIAE) del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas ha preparado la plataforma –FACe- que permite o seu uso na nube, por parte dos concellos que de maneira gratuita desexen adherirse á mesma.

A Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) e a Dirección General de Modernización Administrativa, Procedimientos e Impulso de la Administración General del Estado fan pé en que, aínda que quedan varios meses ata que sexa obrigatorio o uso da factura electrónica, dado o cambio que representa na xestión interna dentro da súa Administración e o cambio que supón para seus provedores de bens e servizos, é interesante e recomendable actuar canto antes, para que o 15 de xaneiro de 2015 os sistemas e os procesos de xestión da entidade local estén preparados para afrontar a obriga legal.

- Anuncio do Instituto Nacional de Estadística do sorteo para a selección dos candidatos a Xurado 2014. Dito sorteo realizarase ás 12:00 horas do día 26 de setembro de 2014, na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Coruña. (Boletín Oficial da Provincia nº 178, do día 18 de setembro de 2014)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Decreto 110/2014, do 4 de setembro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo que se aproba a delimitación do Camiño Inglés. Na parte dispositiva do dito Decreto, punto terceiro, faise referencia a que a dita aprobación, se notificará aos concellos afectados pola delimitación, co obxecto de que o trazado do camiño e o ámbito do seu territorio histórico sexan incorporados aos seus planeamentos urbanísticos. (Diario Oficial de Galicia nº 178, do día 18 de setembro de 2014)

- Notificación telemática da Deputación Provincial da Coruña recibida o día 18/09/2014 e rexistrada de entrada ao nº 201499900018567, na que se achega circular dirixida aos concellos con obras pendentes de adxudicar incluídas no POS 2014. na que se comunica que o Peno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2014, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 no marco das Bases reguladoras aprobadas por acordo plenario de 25 de outubro de 2013 (BOP nº 206 do 29 de outubro de 2013), nas que se incluíron as actuacións solicitadas por este concello.

Tamén se indica nas Bases reguladoras do POS 2014 que unha vez adxudicadas as obras ou subministracións, o concello deberá remitir á Deputación de xeito telemático a documentación xustificativa da adxudicación realizada.

Dado que a día de hoxe, aínda non consta o envío telemático á Deputación da documentación xustificativa da adxudicación da obra incluída no POS 2014, denominada "Mellora redes servizos existentes en Sigrás de Abaixo (Sigrás), Peiraio (Bribes), Torre (San Lourenzo) e Outros", este concello poderá realizar unha das seguintes opcións:

- a) Presentar telematicamente a documentación xustificativa da adxudicación das actuacións pendentes no prazo establecido que remata o día 1 de outubro de 2014.
- b) Solicitar telematicamente, a través de emenda á obra á que se refira a adxudicación, unha prórroga do prazo de adxudicación.

No suposto de que o concello necesite solicitar unha prórroga do prazo de adxudicación das obras, deberá enviar telematicamente a súa solicitude, que deberá estar debidamente motivada e indicar a data prevista para a adxudicación dos investimentos. A dita prórroga deberá solicitarse ata o 30 de xuño de 2015 e o prazo para solicitala remata o día 23 de setembro de 2014.

O señor alcalde informa que xa se solicitou a prórroga.

- Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia nº 179, do día 19 de setembro de 2014)

- Resolución da Presidencia Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a modificación da base 9.3 das convocatorias de subvencións a concellos, outras entidades locais e entidades privadas para investimentos-ano 2014. Documentación específica para xustificar as subvencións. (Boletín Oficial da Provincia nº 180, do día 22 de setembro de 2014)

- Decreto 111/2014, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, do 4 de setembro, polo que se modifica o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes, para crear a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo. (Diario Oficial de Galicia nº 180, do día 22 de setembro de 2014)

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Réxime Interior

Dona Rocío Vila Díaz informa que hoxe, ás 12:00 horas, ten previsto celebrar unha reunión cos propietarios dos terreos situados no centro de Cambre onde se valora facer un aparcadoiro. Estes propietarios manifestaron unha serie de suxestións a incluír na unidade de execución núm. 3. Unha vez estudadas as ditas suxestións, dende o concello enviáuselles unha proposta da que hoxe veñen falar.

Tamén informa que o vindeiro mércores vai ter unha reunión co representante dos hostaleiros de Cambre co fin de revisar as alegacións presentadas á ordenanza de terrazas, isto segundo se falou nas comisións informativas do pasado 9 de setembro. Despois desta primeira reunión falará coas asociacións de veciños.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que xa recibiron as propostas para concertar a operación de préstamo co fin de financiar partidas de investimento no ano 2014. Enviouse invitación a todas as entidades bancarias que teñen oficina en Cambre e recibíronse seis ofertas. A vista do informe técnico emitido, por Resolución da Alcaldía de 19 de setembro de 2014 adxudicouse ao Banco Sabadell, S.A.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación informa que no expediente de contratación do servizo para impartir a especialidade "marketing dixital", a desenvolver no Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre, presentáronse sete empresas. Neste momento polos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local estase valorando o contido do sobre B de referencias técnicas, e posteriormente abrirase a oferta económica.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M^a Jesús González Roel informa que o pasado mércores recibiu no concello unha comitiva da National Trust e Tesouros de Galicia.

O Sr. alcalde explica que a National Trust é unha organización de carácter internacional que ten como obxectivo a conservación e revalorización do patrimonio mundial. A súa visita a Cambre veu motivada polo interese que teñen na recuperación do Camiño Inglés. Trátase dunha organización que para a consecución dos seus fins traballa principalmente con voluntariado.

Dona M^a Jesús González Roel explica que fixeron un percorrido dende a Ponte da Xira ata a igrexa de Sigrás, cun pequeno descanso, porque eles seguían ata Bruma, en Carral.

Seguidamente informa que o pasado martes visitou o concello dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, co obxecto de comprobar o estado das obras da nova escola infantil. Quedou moi gratamente sorprendida polo seu avance e, de seguir así, é moi posible que estea en funcionamento para o vindeiro curso.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral



M^a Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G